

GALICIA REXISTRA UN TOTAL DE 3.121 CASOS ACTIVOS POR CORONAVIRUS

04 08 2022

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización, o número de casos activos de coronavirus en Galicia é de 3.121, deles 680 son da área da Coruña, 363 da de Lugo, 511 da de Ourense, 322 da de Pontevedra, 444 da área de Vigo, 505 da de Santiago e 278 da de Ferrol.

Do total de pacientes positivos, 14 están en UCI, 315 en unidades de hospitalización e 2.792 no domicilio. Polo de agora, en Galicia hai un total de 664.132 persoas curadas, rexistrándose 3.839 falecementos.

Os últimos falecementos rexistrados por coronavirus foron:

Día 2 de agosto:

Muller de 92 anos, na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Muller de 94 anos, na área sanitaria de Santiago e Barbanza.

As persoas falecidas tiñan patoloxías previas.

O número de PCR realizadas é de 3.962.367.

O número de doses de vacina contra a covid-19 administradas é de 6.715.028.

A Xunta continúa a traballar desde a máxima coordinación interdepartamental e co Ministerio de Sanidade, tamén mantendo o contacto con todos os axentes socioeconómicos de Galicia. Neste senso, Sanidade permanece en alerta actualizando todas as medidas e recomendacións e en vixilancia permanente.

Uso do 061 para casos graves e emerxencias e 881 54 00 45 para información covid

A Consellería de Sanidade reitera que a cidadanía debe empregar o número 061 só para emerxencias ou casos graves e aconsella utilizar o número 881 54 00 45 naqueles casos que presenten síntomas leves de coronavirus, ou ben para resolver dúbidas relativas a covid-19. Ademais, o Sergas ten a disposición da cidadanía a páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/> na que se pode consultar información dirixida á poboación, aos profesionais sanitarios e a outros colectivos.

Declaración responsable de autotest positivo e uso das máscaras

As persoas que obteñan un resultado positivo tras a realización dun autotest poderán comunicalo ao Servizo Galego de Saúde. Así, terán a súa disposición dúas modalidades para poder facelo dun xeito sinxelo. En primeiro lugar, a través da aplicación SergasMóbil, tal e como se explica no seguinte vídeo, ou ben, chamando ao número de teléfono 881 540 045.

Así mesmo, lémbrese o carácter obligatorio do uso da máscara en determinados espazos interiores, como son os centros, servizos e establecementos sanitarios; os centros sociosanitarios e o transporte público e de viaxeiros.

Recomendacións

Os técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade volven reiterar as recomendacións consensuadas entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, e lembran que, en liñas xerais, aconséllase adoptar as medidas de autoprotección e limitación da diseminación do virus común a calquera infección respiratoria, como a gripe.

Así, extremarase a hixiene de mans, lavándoas frecuentemente, especialmente despois de tusir ou soarse, e cubrirase o nariz e a boca cun pano -preferentemente desbotable- ao tusir ou esbirrar, ou se non se dispón de pano, na cara interna do cóbado. Ademais, evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans.

É importante tamén procurar unha axeitada ventilación dos espazos interiores optando preferentemente por espazos abertos e tratando de evitar aglomeracións.